

PROCEDIMENTO DE RENUNCIA AO SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA DA FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Actualización aprobada na Xunta de Facultade do 28 de maio de 2024

1. OBXECTO

O presente procedemento ten como obxecto regular o sistema de renuncia a avaliación continua para todas as titulacións que se imparten na Facultade de Comunicación segundo as indicacións recollidas no “Regulamento sobre avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado” aprobado polo Claustro o 18 de abril de 2023.

Atendendo ao referido regulamento, este procedemento entrará en vigor o primeiro día do curso 2023-2024 e manterase vixente mentres non se realicen modificacións ou se recolla a suspensión do mesmo a través da Xunta de Facultade do centro ou por aprobación de normas de carácter superior que o invaliden.

2. NORMATIVA APLICABLE

O artigo 19 do Regulamento antes mencionado indica:

3. O estudiantado terá dereito a elixir o tipo de sistema co que será avaliado dentro de cada materia. A avaliación será preferentemente continua, sen prexuízo da obriga de poñer probas de avaliación global, como alternativa e sempre dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudiantado que renuncie á avaliación continua.

4. A elección da modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro, que non poderá ser inferior a un mes. A elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

3. CONSIDERACIÓNS BÁSICAS

Atendendo ao regulamento aplicado e tendo en conta as memorias dos Graos e Másters impartidos na Facultade de Comunicación, a aplicación deste procedemento ten en conta as seguintes cuestións xerais:

- a) Todas as materias do centro aplicarán, por defecto, un sistema de avaliación continua. Do mesmo xeito, a totalidade de materias deben aplicar metodoloxías para a avaliación dos créditos teóricos e prácticos dos que conste.
- b) É imprescindible contar coa renuncia expresa do estudiantado á avaliación continua para aplicar un sistema de avaliación global.
- c) Os detalles concretos do sistema de avaliación continua e de avaliación global son os que se aproben na Guía Docente de cada materia en cada curso académico.
- d) Calquera dos sistemas de avaliación aplicado (continua ou global) deberá garantir a obtención dos resultados de formación e aprendizaxe contemplados na memoria do grao e na correspondente Guía Docente de cada materia.

4. PROCEDEMENTO

1. Establécese un procedemento para a xestión da renuncia expresa do estudiantado ao sistema de avaliación continua. O presente procedemento non está incluído no SGIC, pero poderá ser adaptado para a súa inclusión cando sexa preciso.

Contéplase un procedemento en tres pasos que deberá ser realizado PARA CADA MATERIA na que se queira solicitar a avaliación global:

PASO 1. O estudiantado deberá descargar da páxina web da Facultade o “Formulario de renuncia expresa á avaliación continua”.

PASO 2. O estudiantado deberá precher o formulario co seus datos persoais completos e o nome e código da materia para a que quere realizar a renuncia, así como indicar o motivo da solicitude, asinalo dixitalmente e envíalo ao coordinador da materia.

PASO 3. O docente deberá, a continuación, asinar dixitalmente o formulario de renuncia e remitir a copia do documento asinado por ambas partes ao estudante e á Secretaría de decanato (correo: sdfasoc@uvigo.gal), quen se encargará do arquivo da documentación no decanato do centro.

2. O referido procedemento poderá ser substituído se se habilita a Secretaría Virtual para a xestión da correspondente renuncia do estudiantado.

5. PRAZOS

Segundo se establece na normativa, o estudiantado disporá do prazo de UN MES para facerlle chegar ao procedemento de renuncia ao docente. Dito prazo contarase a partir da data oficial de comezo das clases de cada semestre, segundo o calendario aprobado pola Universidade de Vigo para cada curso.

O profesorado, posteriormente, disporá do prazo de UNHA SEMANA para facerlle chegar o documento asinado por ambas partes ao alumno/a e ao Vicedecanato de calidade.

O Decanato do centro encargarse de facer constar o prazo concreto de cada curso no formulario de renuncia, tendo en conta que existe un único prazo para cada semestre.

Para o cumprimento dos prazos teranse en conta a data das sinaturas dixitais e a data de envío dos documentos tendo que estar ambos dentro do prazo establecido.

O envío ou sinatura fóra de prazo implica automaticamente que o estudiantado será avaliado mediante os sistema ordinario (avaliación continua).